

1. Unha mudanza moi especial

Que era o peor que podía pasarlle?

Achar cascudas, na nova casa?

O peor tería que estar no novo colexio, onde había pasar máis tempo. Unha titora que non se conformase con ler o seu nome, que o obrigase a facer un discurso, por breve que fose, para presentarse aos novos compañeiros. Iso podería ser o peor.

Que podería dicir?

—O meu nome é Marcos, teño dez anos e sempre me estou mudando de cidade porque a miña familia é trashumante.

Xa podía prepararse para as bromas.

—A túa familia é un rabaño de ovellas?

Cando os seus pais lle dixeron que debía prepararse para un novo cambio de residencia, Marcos aceptouno con naturalidade, como se acepta o inevitable cambio

de estación. As mudanzas formaban parte da súa vida cotiá. Ás veces, non paraba máis de tres ou catro meses nun sitio.

Esta vez, a data do traslado coincidía co mes de agosto, con tempo de abondo para buscar novo colexio e para comezar o novo curso sen dificultades engadidas ao obrigado cambio de profesores e compañeiros. Se puidese escoller a data, a familia sempre escollería esa.

Ademais, as expectativas apuntaban a que o novo destino podería durar varios anos. Isto podería ser unha vantaxe, se a cidade e o colexio resultaban agradables, ou un inconveniente, se o sitio resultaba noxento.

Iso estaba por ver.

Foi durante a viaxe previa á mudanza, nun momento en que non sabía máis que o nome do que sería o seu novo barrio, Os Verxeis, cando Marcos comezou a imaxinar como sería o seu destino e como lle iría nel. Díxose que, de bonito, o barrio só tería o nome. As rúas serían estreitas e estarían sempre ateigadas de coches facendo soar as bucinas. Nas beirarrúas, dúas persoas terían que porse de canto para poderen cruzarse sen xogar os pés baixando ao asfalto. Por esa razón, acostumaba haber

friccións, mesmo empurróns, entre os peóns. Por se iso non abundase, non habería árbores en ningún sitio e no único parque infantil os rapaces do barrio só podían usar as randeeiras ou baixar polo tobogán unha vez por semana, porque había moita demanda e moi poucos aparellos.

Marcos imaxinou tamén que o seu novo colexio había ser vello, coas paredes sucias polos restos de humidades nunca ben reparadas. O mal estado do centro estaría dalgún xeito transmitido, en forma de mal carácter, aos profesores que se vían obrigados a dar clase nel, e tamén aos alumnos, que sempre andarían metidos en leas entre eles.

O pai de Marcos adoitaba dicirlle:

—Prepárate para o peor. Así, nunca te sentirás especialmente decepcionado.

Marcos non sabía se aquel era un consello de broma ou en serio. Non era doado sabelo, cando se trataba do seu pai pero, ás veces, a modo de ensaio, el procuraba seguir as súas recomendacións, tamén algunhas das que o enchían de dúbidas.

Non era quen de adiviñar aquilo que o seu pai consideraría o peor pero, á hora de

adiantarse ao futuro inmediato, tampouco imaxinaba marabillas. Así, nunca sufría grandes decepcións. Estaba convencido de que o seu pai tampouco adoitaba poñerse realmente no peor, como lle recomendaba facer a el. Se se puxese no peor, non faría todas as semanas unha quiniela, nin mercaría un billete de lotería nacional –unha vez por mes– nin, moito menos, un novo cupón da ONCE cada venres. Marcos estaba seguro de que sempre o facía con algunha –con moita, se cadra– esperanza de que lle tocase.

Mentres viaxaban no coche da familia cara ao barrio dos Verxeis, Marcos púxose nas proximidades do peor, a escasa distancia. Non obstante, a medida que se achegaban ao destino, os seus desexos xa o obrigaron a imaxinar un barrio non especialmente luxoso pero si moderno e limpo, con árbores baixo as que sentar á sombra, con amplas zonas verdes para correr e xogar.

A realidade, o barrio dos Verxeis, aínda lle mellorou as súas previsións menos pesimistas. Atopou beirarúas que tiñan case a mesma largura cás rúas, árbores collidas da man para dar sombra sen despedir a quen sombra quixese, fermosos



xardíns e un parque máis grande ca un campo de fútbol onde había poulo e area, para poder escoller, así como fontes e incluso un regueiro con feituquiñas pontes de madeira por riba. Para rematar, o colexio era tamén novo e tiña aulas amplas e luminosas, con fermosas mesas de madeira.

—Aí ten que dar gusto estudar –dixo a súa mai.

—Polo menos dará menos desgusto –terciou o seu pai.

Marcos sorriu, pero non dixo nada. Pensou que, efectivamente, en calquera daquelas mesas había ser moito máis doado debuxar. A que lle tocara en sorte no curso actual estaba tan cuarteada que cada vez que tentaba facer unha liña recta remataba por debuxar unha quebrada, se antes non tomaba a cautela de colocar unha carpeta ou, polo menos, un caderno de cuberta dura, debaixo do papel.

Ao redor do colexio había, ademais, varias canchas de deportes.

Pintaba ben, o próximo curso.

Con todo, o mellor que agardaba a Marcos non estaba nese escenario que puido ver na viaxe preparatoria. Non sería iso o que convertería aquel novo cambio

de domicilio nunha mudanza moi especial. O optimismo que lle encheu o peito á vista do que lle agardaba non abondou para que puidese imaxinar o mellor que lle ocorrería nese barrio que había ser o seu. Nin facendo o contrario do que lle recomendaba o seu pai, nin pódose no mellor podería imaxinar que alí había atopar amigos case de inmediato. Nin que estaba chamado a enfrontar –e resolver– o misterio do neno dos globos.

Marcos tampouco sería quen de imaxinar que nos Verxeis había coñecer un avó que tiña a mesma aparencia de carraxento e rabudo que outros vellos que coñecera noutros sitios pero que, sorprendentemente, só se encabuxaba de verdade cando reclamaba que lle contasen un conto e non lle facían caso de inmediato. Aquel avó acabaría sendo para Marcos unha descuberta moi especial, pese a que o recibimento que lle dispensara fora un tanto frío, en clave de burleira adiviña: “Este rapaz ten cara de non saber por que os gatos foron castigados a quedaren sen o don da fala humana”.

2. Marcos estraña

Con todo, a aterraxe nos Verxeis non foi mellor que en anteriores ocasións, porque do avó dos contos non soubo nada durante o primeiro mes de estada no novo destino. Así que, de entrada, tampouco tivo oportunidade de coñecer historias como a dos buscadores dos días ou a da montaña medradora, que lle poderían ter enfeitado a entrada.

Marcos andaba a miúdo coa impresión de que había ser o neno que menos cousas tiña de cantos vivían arredor seu. Tamén o acompañou esa sensación durante os primeiros días no seu novo barrio, en canto asumiu con normalidade os aspectos positivos que tiña con respecto ao anterior.

Por non ter, durante as primeiras semanas Marcos nin sequera tiña amigos

para xogar nin compañeiros de confianza aos que acudir para resolver algunha das moitas dúbidas que o envolvían á hora de facer os traballos do colexio, sobre todo os problemas de matemáticas.

A súa mai adiviñaba a miúdo os motivos da súa tristeza. Lembráballe que acababan de instalarse alí e aseguráballe que ninguén era capaz de facer bos amigos en poucos días. Que non se podían facer con miolo de pan, que era do que lle facía bonecas o seu pai, ás veces, cando ela era pequena. Que os amigos había que gañalos pouco a pouco.

—Debes ter unha pouca paciencia. Todo chegará ao seu tempo, xa o verás —dicíalle a muller.

E engadía que tamén ela era tímida e tardaba bastante en relacionarse cos novos veciños. Certo que, desta vez, foran ata tres as veciñas que chamaran á porta para presentarse e brindarlles o seu apoio para calquera cousa que precisasen, pero ela non se atrevía a andar pedindo favores de casa en casa e, se necesitaba algo, procurábao na tenda máis próxima.

Así que tampouco tiña nada doado o de facerse cun círculo de amizades.

Pero iso non lle servía de gran consolo ao rapaz.

O pai de Marcos traballaba nunha desas empresas especializadas en facer estradas e autovías. Por iso, cada certo tempo a familia tiña que recoller os seus mobles e outras posesións domésticas para mudarse a outro barrio, a outro territorio onde fixesen falta novas vías de comunicación polas que circular.

Non protestaba.

A miúdo, a mudanza aparecía como unha liberación ou como unha porta aberta cara a novas esperanzas, declaradas ou agachadas baixo o dubidoso exercicio de poñerse no peor. Limitábase a preguntar, case por costume.

—Outra vez?

—É necesario —dicía o seu pai.

E a viaxar.

Marcos aceptábao como se aceptan sempre as cousas que se consideran inevitables, como que a choiva ten que caer das néboas ao chan, antes de seguir correndo polas rúas formando regueiros empeñados en atallar cara aos ríos para baixar ao mar.

«Mudámonos máis cós ñus en África!», díxose nalgunha ocasión, recordando algún documental visto na televisión onde aqueles animais, parecidos a vacas moi delgadas e de patas moi longas, sempre estaban cambiando de territorio, na procura das zonas con mellores pasteiros.

Tres semanas levaba Marcos vivindo nos Verxeis, só tres semanas, pero xa lle abundaban para sentir que tiña menos cousas ca ningún dos rapaces do seu tempo e para pensar que se ninguén quería ser o seu amigo era precisamente porque non tiña posesións desexables para deixar ou compartir.

Malia ter xa dez anos, a súa mai non o deixaba saír só e adoitaba acompañalo ata o parque. Decía que estaban noutro barrio doutra cidade estraña. Que quería catar o ambiente que había antes de confiarse. Mentres a súa mai observaba o ambiente, Marcos observaba os rapaces da súa idade e remataba sempre convencido de que se dispuxese dunha bicicleta de montaña ou de carreiras tería tamén amigos á esgalla, arroteándoo e pedíndolle por favor que lla deixase para dar unha voltiña ou dúas.

Marcos sabía que a súa timidez lle facía pouco doado o comezo de novas

relacións, pero tamén estaba convencido de que lle sairían amigos mesmo debaixo das pedras se tivese uns patíns ou un ordenador con moitos xogos. Ou un can adestrado que soubese pasar por un aro con lume a un metro do chan, como os que vira unha vez no circo. Pero os seus pais non querían saber nada dos cans nin dos gatos.

—Iso queda para os que teñen casa con patio. Os animais necesitan sitio por onde correr.

Os seus pais comprábanlle poucos xoguetes e case sempre eran xoguetes pequenos, coa desculpa, sen dúbida razoable, dos obrigados traslados de domicilio e as traballosas mudanzas.

Así que Marcos non dispuña de recha-mantes xoguetes nin de amigos. Quizais por iso, cada día tiña máis envexa dos rapaces cos que compartía aula no colexio, tamén dos nenos cos que coincidía no parque ou no portal da súa casa. E a miúdo sentía que lle medraba no peito unha carra-xe que ás veces semellaba contar con forza suficiente para afogalo.

Sen buscar máis lonxe, a Marcos resultáballe tremendamente antipático un neno que non tería máis de tres ou catro

anos e que vivía nun piso da súa mesma escaleira. Detestábao porque sempre andaba presumindo cun globo enorme na man –ás veces dous ou tres globos–, coma se fose o máis feliz entre os nenos felices do barrio.

«Parece o amo do mundo!», dicía para si, carraxento.

Vía a ese neno case todas as tardes, no parque ou nos soportais que había diante da entrada do seu piso. Andaba sempre da man dunha rapaza que semellaba ter máis ou menos a mesma idade que Marcos –un ou dous anos menos, se cadra–, pero o repugnante cabezolo nunca se esquecía de levar na outra man un xigantesco globo. Debía de ter unha morea onde escoller, porque unhas veces o globo era vermello, outras branco, azul, verde ou amarelo. Coma se tivese unha fábrica de globos na casa.

Un día, Marcos e a súa mai coincidiron no ascensor co neno dos globos e a súa irmá. A mai de Marcos sorriu cara ao neno, pero el de boa gana lle tería amosado a lingua.

Descubriu nesa ocasión que eran os seus veciños do cuarto, porque seguiron



no ascensor cando eles baixaron no terceiro. E desde ese momento odiou aínda máis ao neno dos globos, porque supuxo que era o que case non deixaba durmir aos seus pais, dado que pasaba boa parte das noites berrando, coma se non lle desen de cear.

O sentimento de rexeitamento foise agravando a medida que pasaron os días. Cada vez que vía o veciño do cuarto, Marcos lembraba o que lle dicían os seus pais do neno chorón do piso de arriba, que case non os deixaba durmir, e dicíase que debería volverse mudo ou, polo menos, rouco. Ás veces enchíaselle a boca de auga, mentres o vía presumir co seu enorme globo na man, e tiña que conter uns intensos desexos de tombalo dun empucción ou cunha cambadela.